

Quirada 80



**GALICIA**

**NO ANO 79**

**POR 41 AUTORES**

# **“GALICIA NO ANO 79”**

**POR 41 AUTORES**

**I. S. B. N.: 84-300-2329-1**  
**Depósito Legal VG-32-1.980**

---

**Impreso en los talleres gráficos**

**J. A. VICENTE**

**C/. Vicente Sobrino, 26**

**LA GUARDIA (Pontevedra)**

## TRADICIOS E CONTOS DE PARADELA

*Por Manuel Rodríguez López*

San Miguel de Paradela de Sarria está no Camiño de Sant-Iago. Eu coído que o nome venlle de que nista bisbarra os romeiros tomaban un pequeno descanso no seu pelengrinar denantes de facer noite en Portomarín.

Pois ben: Por mor do contino ir e vir xacobeo, Paradela ten historias e costumes relixiosas abondo. Noutra ocasión falei do milagre de Santa Cristina; hoxe fareino da campaña de Nosa Señora, que está no máis outo do campanario de San Miguel e que tiña un son finismo e ouvíase de moi lonxe.

Cando unha muller era receosa pra dar a luz, o campaneiro tanguía a campaña e os labregos, inda que andiveran traballando no agro, púñanse de xionllos a pregar á Virxe pra que valera á parteira. Era un remedio santo!

¿Cómo veu dar a San Miguel?

Contan os mais vellos do lugar, e a señora Concha de Randulfe non me deixará por mintireiro, que nunha ocasión caeu na poza de Pías un boi e, cando saíu fora sano e salvo, apareceu coa campaña pendurada nun corno e cun letreiro que decía: "Campaña de Nosa Señora".

O crego levouna a San Miguel e colgouna no cimo da espadana de xeito que, pra tenguela, o campaneiro precisaba dunha abaloira. Agora está choca porque fendeu. É curioso: En Rusia hai outra, que, cando soa, as mulleres malparen. A Cándida de San Pedro ten un libro que o dí.

As outras dúas campás de San Miguel chámanse Santa Bárbara e Santa Lucía. O pobo comprendía o significado das suas badaladas: Cando morría unha muller, a grande doblaba tres veces, seguidas dun toque na pequena. Cando había Sacramentos, repinicaban por longo, primeiro a Santa Bárbara e despois a Santa Lucía. Cando o abade saía con El Señor, daban unha repinicadela somente. No tempo das mallas, pra escorrentar o trono, as campás de San Miguel cantaban: "Tente nube, tente tu / que Dios manda máis ca tu / Garda o viño garda o pan / ..." Tamén tocaban á Anxelus, chamaban á Misa e anunciaban as festas. O Campaneiro, cando remataban

as mallas, pasaba polas casas da Parroquia e quen dáballe ovos, quen fabas, quen chourizos e, os máis, medio ferrado de pan. Hoxe xa non hai campañeiro. Fai anos que tamén il emigróu e as campás esquenceron a sua fala.

### OS MOUROS VIVIRON NISTES TERRAS

Na Croa do Toural seica viviron os mouros que, craro está, eu non o acordo; pero os vellos do lugar aseguran que sí.

Fun moitas veces á Croa, maiormente de rapazolo, porque alí era onde gardabamos a facenda. Eu ía moi gostoso por divertirme coas rapazas. Coido que houbo mouros, sí, pois dou o dislumbre dun muro medio esborrallado e recordo cando se fixo a carreteira, que andiveron carretando pedra da Croa e apareceron moitas pezas de barro e inclusive pedras redondas cun burato no medio, empregadas polos nosos antergos pra moer a gra.

Tesouros dudo que os houbera; pero o primo Xesús de Millerados, Diolo teña na groria, apunaba que hai unha cadea de ouro, que baixa pola Fonte Branca hastra a poza grande de Pías. Eu non creio tamaña endrómena. Cómo vai habela e, pra máis, cun longo de media légoa? O vello Lilainas do Cabo tamén teimaba que é certo que os mouros acochárona baixo terra. Será conto?. Quén sabe!

Onde sí que hai un tesouro é no Rodillón. Un crego vello daquil lugar, fai moitismos anos gardóu moito ouro nunha ola de barro e enterróuna na cortiña, baixo penedos. O Delmiro seica atopóu dúas moedas e logo os veciños cavaron pra ver de descubrir a ola; pero non deron coela.

En Igón alcóntrase unha cova de mouros. En Riucabo de Cima tamén hai outra, que fun ver co Suso de Toexe. Ten a entrada moi doada pero logo vai estreitando e afondando cada vez máis. Inda que levabamos foco de bolsiño tiñamos medo porque poidera haber un teixo, algún zorro ou culebrós, e demos volta.

Onde hai fundanza que viviron os mouros é no Cocheiro de Castro de Santa Cristina. Inda vive a Xulia do Zoqueiro da Serra, que me ten contado como na casa das Pozas tiñan unha rancha que escapáballes cara os penedos do Cocheiro. Cál era a razón?. Pois que alí vivía unha moura que cada día lle valeiraba un cribo de millo coa idea de cebala pra ela e os seus. Pero, cando a ama descubriu o caso, matóu a rancha. Seica moito rifóu con ela a moura que berraba:

—Non cha cebéi pra que ti a comas!

Dende a lonxanía da emigración, Galicia —Paradela neste caso— mantén despertas, na miña alma magoada pola diáspora, vivencias e lembranzas a cheas. Conto seguir na teima de escribir as historias e os contos, algús verdade, da miña Terra.

*Barcelona.*